

MEMORIA CONSELLO SOCIAL

Ano 2021

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Memoria de actividades 2021

CONSELLO SOCIAL

Universidade de Santiago de Compostela



CONSELLO SOCIAL

Edición: Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Casa da Concha. Rúa da Conga nº 1
15782. Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 442

csocial@usc.gal
www.usc.es/csocal

Depósito Legal:
Fotografías:
Fotografía de portada:
Deseño e impresión:

ÍNDICE

ÍNDICE



Orquesta de Cámara
José María Barreiro Gómez

PRESENTACIÓN	7
NATUREZA, POSICIÓN INSTITUCIONAL E FINS	11
FUNCIÓNS E COMPETENCIAS DO CONSELLO SOCIAL	15
COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL	21
En representación do Consello de Goberno da Universidade	23
En representación dos Intereses Sociais de Galicia	23
Ceses e nomeamentos ao longo do ano	25
COMISIÓNS DELEGADAS.....	27
Comisión Executiva.....	28
Comisión Económica.....	28
Comisión Académica.....	29
Comisión de Relacións coa Sociedade.....	29
REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL NOUTROS ÓRGANOS.....	31
XUNTANZAS E ACORDOS DO PLENO	37
REUNIÓNS E COMPARENCIAS.....	45
Consello Galego de Universidades	46
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.....	46
OUTRAS ACTIVIDADES	49
Programa de Prácticas Externas Extracurriculares.....	51
Premio ao/á alumno/a mellor valorado nas Prácticas	57
Bolsas de colaboración ano 2021	59
Programa de micromecenado Sumo Valor	61
Axudas do Consello Social.....	63
Premio á Traxectoria Profesional de antigos alumnos.....	65
Premio Humanitas.....	66
ASISTENCIA DA PRESIDENTA A OUTROS ACTOS	67
PRENSA	69
EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL.....	73
MARCO NORMATIVO.....	75

P R E S E N

T A C I Ó N

PRESENTACIÓN



En cumprimento da obriga legal recollida na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, teño a honra de presentar unha vez máis a Memoria de Actividades do Consello Social da USC correspondente ao ano 2021.

Este 2021 foi sen lugar a dúbidas un ano difícil por mor da COVID 19, pero tamén un ano cheo de esperanza grazas aos avances na investigación científica e á xeneralización da vacinación, que esperamos supoñan o comezo do fin desta pandemia.

O Consello Social traballou durante todo este período para establecer canles de colaboración e encontro entre a universidade e a sociedade, impulsando a colaboración entre ambas e favorecendo a mellora da calidade do servizo público prestado pola nosa universidade, tanto dende un punto de vista científico como cultural.

Con esta finalidade, puxemos en marcha unha convocatoria de *Actividades susceptibles de ser financiadas polo Consello Social*, consistentes en axudas a proxectos e actividades levados a cabo por membros da comunidade universitaria (PDI e PAS) que impulsen a participación da sociedade galega na nosa universidade e viceversa. Asemade, o Consello Social convocou o *Recoñecemento á Traxectoria Profesional* co obxecto de poñer en valor a excelencia profesional das persoas que realizaron os seus estudos na Universidade de Santiago de Compostela

e que desenvolveran unha traxectoria profesional relevante en calquera ámbito, contribuíndo ao desenvolvemento da sociedade.

Por outra banda, o fomento da empregabilidade vén sendo un elemento esencial da miña presidencia e como órgano xestor de prácticas externas extracurriculares, o Consello Social está implicado na difusión, fomento e recoñecemento destas prácticas como porta de entrada dos alumnos á realidade do mundo laboral. Con esta finalidade, este ano entregamos a II e III edición do *Premio ao alumno mellor valorado* nestas prácticas polas empresas. Así mesmo, teño a honra de colaborar co programa Madrinanet, de mentorización a mozas emprendedoras.

Noutro orde de cousas, en relación co compromiso do Consello Social de fomentar a colaboración da sociedade no financiamento da universidade, neste ano o noso órgano seguiu a colaborar moi activamente co programa de micromecenado da USC "Sumo Valor". Asemade, por primeira vez os Consellos Sociais participaron nas reunións da negociación do Novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2022-2026, que culminou coa súa aprobación cun amplo consenso entre a Xunta e as tres universidades galegas.

No ámbito da solidariedade, recuperamos a convocatoria do premio *Humanitas*, en colaboración coa Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da

Universidade de Santiago de Compostela (Alumni USC). Este premio ten como obxectivo recoñecer accións solidarias ou humanitarias levadas a cabo por persoas físicas ou xurídicas en Galicia, en beneficio da mellora da calidade de vida da nosa contorna. Ademais, o Consello Social colaborou coa Vicerreitoría de Estudantes axudando na financiación dunha *Convocatoria de Axudas extraordinarias para o estudiantado internacional en situación de urxente e extrema necesidade*.

Non podemos esquecernos de poñer en valor a importancia do Consello Social na rendición de contas e na transparencia que a universidade como administración pública debe á sociedade e que o noso órgano leva a cabo a través do encargo da auditoría de contas correspondente.

O Consello Social debe ser útil á universidade e á sociedade e debemos poñer en valor a importancia de traballar a prol dun Consello Social cada día mellor, especialmente tendo en conta a cambiante sociedade actual e os numerosos retos que temos por diante como universidade e como sociedade.

Para finalizar, gustaríame agradecer tanto aos membros do pleno coma ao persoal de administración e servizos, a súa implicación, esforzo e compromiso co Consello Social da USC.

Cecilia Sierra Rey
Presidenta do Consello Social

NATUREZA, POSICIÓN

NATUREZA, POSICIÓN INSTITUCIONAL E FINS

O Consello Social é un dos órganos colexiados de goberno da universidade, inserido na súa estrutura organizativa, ao que a normativa lle atribúe importantes competencias. Así, o Consello Social é o órgano de participación da sociedade galega na universidade e impulsa a colaboración entre esta e aquela, mediante a satisfacción pola universidade das necesidades do seu ámbito, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico, científico e cultural de Galicia e á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria.

Ademais, correspóndelle ao Consello Social a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e rendemento dos seus servizos, que exercerá con independencia, puidendo utilizar técnicas de auditoría. Asemade, o Consello debe promover a colaboración da sociedade no financiamento da universidade e cantas outras funcións lle sexan atribuídas pola normativa aplicable.

A través do seu presidente ou presidenta poderá solicitar a colaboración de persoas físicas e xurídicas pertencentes ou non ao ámbito universitario, así como recadar a información que precise de todos os órganos da universidade, da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e dos órganos similares a nivel estatal. Os seus acordos, que deben ser executados polo reitor, esgotan a vía administrativa.

O Consello Social disporá dos medios materiais e persoais necesarios para a consecución dos seus fins e dunha oficina de secretaría. A dirección e o bo funcionamento desta será competencia da persoa que ocupe o cargo de secretario ou secretaria do órgano.

Así mesmo, en relación cos medios económicos, o Consello Social xestionará a súa partida orzamentaria específica, que figurará dentro dos orzamentos da Universidade, e nela garantirase en todo caso a suficiencia dos recursos asignados para o cumprimento das súas funcións. A estes efectos, o plan de financiamento das universidades do Sistema Universitario de Galicia establecerá unha dotación económica nominativa, de acordo coa Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

FUNCIÓN S E C
DO CONSEL

COMPETENCIAS

FUNCIÓNS E COMPETENCIAS DO CONSELLO SOCIAL

LO SOCIAL

O Consello Social, para contribuír ao logro da excelencia na docencia e na investigación e mais á transferencia do coñecemento xerado no seo das universidades, levará a cabo as seguintes funcións:

1. No ámbito da súa propia organización e funcionamento:

- a) Elaborar o seu regulamento de organización e funcionamento, así como as súas modificacións, e elevarlo á consellaría competente en materia de universidades para a súa aprobación.
- b) Propoñer o cesamento dalgún dos seus membros á autoridade, entidade ou institución que o designou, logo de declaración da súa situación de incompatibilidade ou de incumprimento grave ou reiterado das súas obrigas.
- c) Informar a Xunta de Galicia sobre o réxime de retribucións ou indemnizacións dos seus membros, conxunto o disposto na normativa vixente.

2. No ámbito da relación entre a universidade e a sociedade:

- a) Aprobar un plan anual de actuacións destinado a promover as relacións entre a universidade e o seu ámbito cultural, profesional, económico e social ao servizo da calidade da actividade universitaria.
- b) Aprobar, con carácter anual, unha memoria das súas actividades, que remitirá ao Parlamento de Galicia e á consellaría competente en materia de universidades.
- c) Fomentar a colaboración da sociedade no financiamento do ensino e da investigación na universidade, contribuíndo á captación de recursos económicos externos e ao mecenado á universidade por parte de persoas físicas e entidades.
- d) Realizar estudos sobre materias da súa competencia e, en particular, sobre a adecuación da oferta de titulacións e do contido dos plans de estudo da universidade ás necesidades sociais, sobre o rendemento académico do alumnado e a inserción laboral das persoas tituladas universitarias, sobre a investigación desenvolvida na universidade e a transferencia á sociedade dos resultados desta e mais sobre calquera outra cuestión proposta pola consellaría competente en materia de universidades, de acordo coas funcións propias deste órgano.
- e) Impulsar aquelas actuacións que permitan un maior achegamento do estudiantado universitario ás demandas do mercado laboral, e, en especial, a sinatura de convenios entre a universidade e outras entidades, públicas e privadas, orientadas a completar a formación do alumnado e dos titulados e das tituladas da universidade e mais a facilitar o seu acceso ao mundo empresarial.
- f) Estimular a actividade investigadora da universidade, especialmente no relativo á súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de I+D+i compartidos entre universidade, empresas e tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.
- g) Favorecer as actividades orientadas a completar a formación científica, cultural e humanística dos universitarios e das universitarias, apoiando as súas manifestacións no seo da universidade e asegurando a súa extensión ao conxunto da sociedade galega.
- h) Outorgar, se é o caso, axudas, premios, distincións e recoñecementos no ámbito das súas funcións.

3. No ámbito económico, financeiro e patrimonial:

- a) Supervisar as actividades de carácter económico da universidade.
- b) Aprobar, por proposta do consello de goberno, a programación plurianual da universidade, así como realizar o seu seguimento.
- c) Aprobar, por proposta do consello de goberno, o orzamento da universidade e coñecer as contas das entidades públicas ou privadas dependentes dela. Os órganos responsables da execución do orzamento deberán informar o consello social do estado de execución nas condicións que determine o seu regulamento de organización e funcionamento.
- d) Aprobar, con carácter previo á súa rendición perante o órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma, as contas anuais da universidade e das entidades dependentes dela, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, podendo acordar de xeito motivado a realización de auditorías externas.
- e) No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesouraría negativo, proceder á redución do gasto no novo orzamento por contía igual ao déficit producido, nos termos establecidos pola lexislación estatal vixente.
- f) Fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas polas universidades, así como emitir informe en materia de prezos públicos dos estudos universitarios oficiais, dentro dos límites que estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria.
- g) Aprobar, con carácter previo á súa remisión á Xunta de Galicia para a súa autorización, as propostas de operacións de endebedamento.
- h) Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da universidade, con especificación da totalidade dos seus custos, das súas modificacións e dos gastos que supoñen, así como emitir informe sobre os convenios colectivos do persoal contratado, con carácter previo á súa formalización.
- i) Acordar, por proposta do consello de goberno da universidade, e dentro dos límites fixados pola Xunta de Galicia, a asignación singular e individual de complementos retributivos adicionais, ligados a méritos docentes, investigadores e de xestión, aos membros do persoal docente e investigador da universidade, logo de valoración dos méritos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- j) Ser informado dos contratos ou convenios en que a universidade sexa parte e daqueles que se subscriban ao abeiro do artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- k) Aprobar, por proposta do consello de goberno, os regulamentos internos que regulan a xestión contractual e patrimonial da universidade e aprobar, con carácter previo á súa realización, os actos de disposición sobre bens inmoables e mobles de extraordinario valor da universidade e a desafectación dos seus bens de dominio público. Para tal efecto, as universidades contarán cun inventario, que deberán remitir ao consello social de acordo co que se estipule no seu regulamento de réxime interno.
- l) Aprobar, por proposta do consello de goberno, a aceptación pola universidade de herdanzas, doazóns ou legados.
- m) Emitir informe sobre a creación ou a adscrición de colexios maiores e residencias universitarias.

- n) Aprobar a creación, a modificación substancial ou a extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial teña participación a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nestas.
- ñ) Velar para que, con carácter previo á aprobación das contas anuais da universidade, se faga a auditoría correspondente, sen prexuízo das competencias da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

4. No ámbito da supervisión de actividades universitarias:

- a) Supervisar o rendemento e a calidade dos servizos universitarios, formulando, se é o caso, suxestións e propostas ao consello de goberno da universidade, orientadas a promover a excelencia do ensino, da investigación, da xestión e dos servizos.
 - b) Solicitar das administracións públicas, oído o consello de goberno, a realización de informes e inspeccións dos servizos que presta a universidade, especialmente os de ensino, investigación, xestión e servizos.
 - c) Acordar, co reitor ou coa reitora, nos termos previstos na lexislación orgánica de universidades, o nomeamento e o cesamento da persoa titular da xerencia.
 - d) Supervisar que a política de bolsas, axudas, exencións e créditos ao estudo e á investigación que outorgue a universidade con cargo aos seus orzamentos ordinarios se desenvolva conforme os principios de publicidade, mérito e capacidade.
 - e) Emitir informe, con carácter previo á súa proposta á Xunta de Galicia, sobre os acordos do consello de goberno relativos á implantación e á supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como á creación, á modificación e á supresión de centros, institutos universitarios de investigación ou calquera outra figura que adopten.
 - f) Emitir informe, con carácter previo á súa proposta á Xunta de Galicia, sobre os acordos do consello de goberno relativos á adscrición ou á desadscrición á universidade de centros docentes, de titularidade pública ou privada, para impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, mediante a aprobación do correspondente convenio, así como á adscrición ou á desadscrición de institutos ou centros universitarios de investigación de institucións ou centros de investigación de carácter público ou privado.
 - g) Propoñer a creación e a supresión de centros dependentes da universidade sitos no estranxeiro que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
 - h) Aprobar as normas que regulen o progreso e a permanencia na universidade dos e das estudantes de acordo coas características dos respectivos estudos.
 - i) Designar de entre os seus membros pertencentes á representación social as persoas representantes do consello social nas entidades e institucións que corresponda e, en particular, as persoas representantes no consello de goberno da universidade, nos termos establecidos na Lei orgánica de universidades.
5. O consello social desenvolverá ademais aquelas funcións que, de acordo coa súa natureza, lle sexan atribuídas polos estatutos ou outra normativa interna da universidade e polo resto da normativa vixente.

COMPOSICIÓN DO

CONSELLO SOCIAL

COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL



Figuras
Vidal Souto

PRESIDENTA:

D^a. Cecilia Sierra Rey

CONSELLEIROS/AS NATOS:

D. Antonio López Díaz
Reitor da Universidade

D^a. Dulce M^a García Mella
Secretaria Xeral da Universidade

D. Antonio Javier Ferreira Fernández
Xerente da Universidade

I. EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE

D. Montserrat Valcárcel Armesto
En representación do Persoal Docente e Investigador

D. Fernando Sedano Arnáez
En representación do Persoal de Administración e Servizos

D^a. Inmaculada Alonso Rodríguez
En representación do Estudantado

II. EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLO PARLAMENTO DE GALICIA

- D^a. M^a del Carmen Quintas Cruceira
- D^a. Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez
- D. Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez
- D. Ramón Medina González-Redondo
- D. Manuel Lolo Aira
- D. Manuel Francisco Martín García

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLA XUNTA DE GALICIA

D^a. Carmen Lence Ferreiro
D. Manuel Cornes Sieira
D. Torcuato Labella Lozano
D. Juan Manuel López Labrada
D. Juan Luis Méndez Rojo
D^a. Aída Rodríguez Aspirichaga

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLOS SINDICATOS

D. Diego Boquete Sánchez
D. Óscar Manuel Lorenzo Fernández
D. Juan Mariñas Liste

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

D. Carlos Cebrián Escobar
D^a. Guadalupe Hervera Iglesias
D. José Villarnovo Faraldo
D^a. Nuria Pereira Martínez

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS DOS CONCELLOS DOS CAMPUS

D. Jaime Luis López Vázquez (Concello de Lugo)
D. Gumersindo Guinarte Cabada (Concello de Santiago de Compostela)

CONSELLEIRA DESIGNADA POLOS COLEXIOS PROFESIONAIS

D^a. M^a Rosa Álvarez Prada

CONSELLEIRO DESIGNADO POLA ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DA USC

D. Ramón Lois Lorenzo

Secretaría do Consello Social

D^a Marta Villamayor Álvarez

CESES E NOMEAMENTOS AO LONGO DO ANO

En representación dos intereses sociais:

Na Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 2 de marzo de 2021 publicada no DOG do 15 de marzo de 2021, nomeouse a:

- Juan Mariñas Liste como representante de CC.OO
- Ramón Lois Lorenzo como representante da Asociación de Antigos Alumnos da Universidade de Santiago de Compostela

Na Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 10 de xuño de 2021, publicada no DOG do 25 de xuño de 2021, nomeouse a:

Designados polo Parlamento de Galicia:

- Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez.
- M^a del Carmen Quintas Cruceira.

Designados pola Xunta de Galicia:

- Juan Luis Méndez Rojo.
- Carmen Lence Ferreiro.
- Aida Rodríguez Aspirichaga.

Designados pola Confederación de Empresarios de Galicia:

- Carlos Cebrián Escobar.
- Guadalupe Hervera Iglesias.
- José Villarnovo Faraldo.

Designados polo Concello de Lugo:

- Jaime Luis López Vázquez.

C O M
D E L E

I S I Ó N
G A D A S

COMISIONS DELEGADAS

COMISIÓNS DELEGADAS

De conformidade co disposto na Lei 6/2013 do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, e no Regulamento de organización e funcionamento deste Consello Social creáronse as seguintes comisións de traballo: Comisión Executiva, Comisión Económica, Comisión Académica e Comisión de Relacións coa Sociedade.

Os integrantes das comisións designáanse de entre os membros do Consello Social.

COMISIÓN EXECUTIVA

- D^a. Cecilia Sierra Rey (Presidenta do Consello)
- D. Antonio López Díaz (Reitor da USC)
- D. Antonio Javier Ferreira Fernández (Xerente da USC)
- D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón (cesou en xuño de 2021)
- D^a. Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez (Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade)
- D. Luis García Santalla (cesou en xuño de 2021)
- D. Carlos Martí Mallén
- D^a. Nuria Pereira Martínez
- D^a. Mercedes Paula Alvarellos Fondo (cesou en xuño de 2021)
- D. Torcuato Labella Lozano

COMISIÓN ECONÓMICA

- D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón (cesou en xuño de 2021)
- D. Antonio Javier Ferreira Fernández
- D. Ángel López Conde (cesou en marzo de 2021)
- D. Carlos Martí Mallén (cesou en xuño de 2021)
- D. Emilio Crespo Correa (cesou en marzo de 2021)
- D^a María Esther Hervés Sayar (cesou o 28 de outubro de 2020)
- D. Manuel Lolo Aira
- D. Jaime Luis López Vázquez

COMISIÓN ACADÉMICA

- D. Luis García Santalla (cesou en xuño de 2021)
- D^a. Dulce M^a García Mella
- D^a. Montserrat Valcárcel Armesto
- D^a. Imaculada Alonso Rodríguez
- D. Iago Calderón Soilán (cesou o 4 de decembro do 2020)
- D^a. M^a Rosa Álvarez Prada
- D^a. Carmen Fernandez Vilas (cesou en xuño de 2021)

COMISIÓN DE RELACIÓNS COA SOCIEDADE

- D^a. Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez
- D^a. Mercedes Paula Alvarellos Fondo (cesou en xuño de 2021)
- D. Juan Manuel López Labrada
- D. Manuel Martín García
- D. Ramón Medina González Redondo
- D. Manuel Silva Constenla (cesou en xuño de 2021)
- D^a. Blanca de Cora García-Montenegro (cesou en xuño de 2021)
- D. Manuel Cornes Sieira

REPRESENTACIÓ
SOCIAL NOUT

N DO CONSELLO

REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL NOUTROS ÓRGANOS

ROS ÓRGANOS



Campeñinos
Luis Seoane

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

En virtude do artigo 58-g) da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, os presidentes ou presidentas dos Consellos Sociais das universidades integrantes do SUG forman parte da composición do Consello galego de universidades.

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

En virtude do artigo 16-e) da Resolución do 10 de decembro de 2008, da dirección xeral de Ordenación e Calidade do SUG, pola que se publica o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, polo que se modifica o convenio de 30 de xaneiro de 2001 para a creación do Consorcio Axencia para a Calidade do SUG, os presidentes ou presidentas dos Consellos Sociais das universidades integrantes do SUG forman parte da composición do Consello de Dirección da ACSUG.

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DOS PLANS DE VIABILIDADE DAS TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

Por acordo do pleno do 6 de abril de 2017, forma parte da Comisión:

D. Ángel López Conde (cesou en marzo de 2021)

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE GOBERNO DA USC

Por acordo do pleno do 6 de abril de 2017, forma parte do Consello de Goberno da USC representando ao Consello Social:

D^a. Nuria Pereira Martínez

D. Manuel Silva Constenla (cesou en xuño de 2021)

D. Emilio Crespo Correa (cesou en marzo de 2021)

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA FUNDACIÓN DIETA ATLÁNTICA

Por acordo pleno do 6 de abril de 2017, forma parte do padroado da Fundación:

D. Manuel Cornes Sieira

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA FUNDACIÓN USC

Por acordo do pleno do 6 de abril de 2017, forma parte do padroado da Fundación:
D. Torcuato Labella Lozano

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES (UNIXEST)

Por acordo do pleno de 19 de febreiro de 2013, forma parte do Consello de Administración de UNIXEST:
D. Carlos Martí Mallén (cesou en xuño de 2021)

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO OBSERVATORIO DO CÓDIGO ÉTICO DA USC

Por acordo do pleno do 6 de abril de 2017, forma parte do Observatorio:
D. Torcuato Labella Lozano

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN QUÍMICA BIOLÓXICA E MATERIAIS MOLECULARES (CIQUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, forma parte da Comisión a presidenta do Consello Social:
Dª Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CIMUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión a presidenta do Consello Social:
Dª Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN (CITIUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da comisión a presidenta do Consello Social:
Dª Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CAMPUS VIDA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión a presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CAMPUS TERRA

De acordo cos estatutos da Comisión forma parte da Comisión a presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO INSTITUTO DA LÍNGUA GALEGA

Por acordo do pleno de 28 de novembro de 2018, actualmente forma parte da Xunta de Goberno do Instituto da Lingua Galega a presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO INSTITUTO DE MATEMÁTICAS DA USC

Por acordo do pleno de 28 de novembro de 2018, actualmente forma parte da Xunta de Goberno do Instituto de Matemáticas da USC a presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO INSTITUTO DE ESTUDOS E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA

Por acordo do pleno de 30 de xullo de 2020, actualmente forma parte da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia, a presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO INTERDISCIPLINAR DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS AMBIENTAIS (CRETUS)

Por acordo do pleno de 22 de decembro de 2021, actualmente forma parte da Comisión Reitora do Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS) a presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

XUNTANZAS E AC

ACORDO DO PLENO

XUNTANZAS E ACORDOS DO PLENO

Acordos do Pleno ordinario do 22 de xaneiro de 2021

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- Informe da presidenta.
- Informe do reitor.
- Ratificación, se procede, do Regulamento de Xestión Orzamentaria.
- Informe sobre a creación do Instituto de Materiais e sobre a supresión do Instituto de Cerámica.
- Informe sobre a modificación de RPT de PDI.
- Aprobación, se procede, da asignación de complemento por actividade investigadora ao profesorado contratado laboral (convocatoria 2019).
- Aprobación, se procede, da asignación de complementos retributivos autonómicos por recoñecemento de cargos de xestión (convocatoria 2019).
- Informe sobre as modificacións de memorias de programas de dobre titulación de grao.
- Informe sobre a modificación da RPT de PAS.
- Aprobación, se procede, de modificacións orzamentarias.
- Aprobación, se procede, de transferencia de resultados.
- Información sobre convenios.

Acordos do Pleno ordinario do 12 de marzo de 2021

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Presentación do Observatorio de Empregabilidade da USC e nomeamento dos membros do Consello Social que van formar parte do mesmo
- Aprobación, se procede, da actualización do Plan de Actividades do Consello Social para o ano 2021.
- Aprobación, se procede, das bases da Convocatoria de Actividades susceptibles de ser financiadas polo Consello Social para o ano 2021 e nomeamento do comité de selección.
- Aprobación, se procede das bases do Recoñecemento á Traxectoria Profesional e nomeamento do xurado.
- Aprobación, se procede, das bases do Premio Humanitas e nomeamento de vogal do Consello Social no xurado do mesmo.
- Aprobación, se procede, da realización da Auditoría das contas anuais da USC e sociedades dependentes para o exercicio 2021 e seguintes, no seu caso. Aprobación, se procede, do encargo ao órgano de contratación da USC de levar a cabo todas as actuacións precisas para a contratación da empresa auditora. Toma en consideración e informe da proposta do órgano de contratación da USC respecto dos criterios técnicos que van a rexer a contratación.

- Informe da modificación da RPT de PAS
- Informe da modificación parcial da RPT de PDI derivada da Planificación 2021
- Aprobación, se procede, dos complementos retributivos autonómicos por recoñecemento de actividades de xestión (convocatoria 2019)
- Aprobación, se procede, da proposta de sexenios de transferencia da convocatoria 2018 (recurso)
- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da data de efectos económicos do complemento por recoñecemento de labor docente e investigador derivada dun erro na proposta da ACSUG
- Informe das propostas de modificacións non substanciais de títulos oficiais de grao e máster universitario para o curso 2021/2022
- Informe da ratificación da solicitude de adscrición do Centro Superior de Hostelería de Galicia á USC nos termos do convenio modificado con data do 25 de xaneiro de 2021
- Aprobación, se procede, de asuntos económicos
- Aprobación, se procede, de transferencia de resultados
- Información sobre convenios

Acordos do Pleno ordinario do 7 de maio de 2021

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Aprobación, se procede, de modificacións sobre as bases da Convocatoria de Axudas a actividades susceptibles de ser financiadas polo Consello Social e sobre o premio Humanitas.
- Presentación dos traballos da Memoria de Sustentabilidade da USC
- Presentación de UNIRISCO
- Aprobación, se procede, da actualización da Programación Plurianual 2019-2022
- Aprobación, se procede, dos Orzamentos da USC do ano 2021
- Aprobación, se procede, de complementos retributivos autonómicos por recoñecemento de actividades de xestión (convocatoria 2019)
- Aprobación, se procede, da proposta de resolución de recursos relativos a sexenios de transferencia de profesorado contratado (convocatoria 2018)
- Aprobación, se procede, da proposta de creación do Consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGA)
- Informe da proposta de modificación do itinerario do programa de dobre grao en Farmacia e Óptica e Optometría
- Informe da modificación do máster universitario en Química Teórica e Modelización Computacional
- Aprobación, se procede, dos prezos de estudos pro

- Aprobación, se procede, da cesión temporal de uso de instalacións da USC para o servizo de fabricación de medicamentos de CAR-T vinculada á unidade mixta de investigación na materia.
- Asuntos económicos
- Información sobre convenios

Acordos do Pleno extraordinario do 26 de maio de 2021

- Aprobación, se procede, da revisión de criterios de reparto das bolsas de colaboración do Ministerio de Educación e Formación Profesional e da súa distribución para o curso 2021-2022, destinadas a iniciar en tarefas de investigación aos estudantes universitarios que vaian finalizar os seus estudos de grao ou que estean cursando o primeiro curso en másteres universitarios oficiais
- Informe sobre a modificación da RPT de PDI (actualización planificación e OEP 2020)
- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021-2022

Acordos do Pleno ordinario do 30 de xuño de 2021

- Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria e extraordinaria anteriores
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Presentación do Informe de Indicadores por parte do vicerreitor de Calidade
- Presentación do Informe de Auditoría das Contas Anuais da USC e entidades dependentes de la por parte da sociedade auditora
- Aprobación, se procede, das Contas Anuais da USC e das entidades dependentes
- De la correspondentes ao exercicio 2020
- Aprobación, se procede, da Memoria do Consello Social do ano 2020
- Informe da modificación da RPT de PDI derivada da actualización da planificación de 2020
- Aprobación, se procede, de complementos de recoñecemento de mérito docente (quinquenios)
- Aprobación, se procede, de complementos retributivos autonómicos
- Aprobación, se procede, da proposta de resolución de recurso sobre sexenios de transferencia de profesorado contratado (convocatoria 2018)
- Informe da modificación da RPT de PAS
- Informe da modificación do Programa de simultaneidade de Grao en Comunicación Audiovisual e Grao en Xornalismo
- Informe de modificacións substanciais de titulacións de grao, máster e programas de doutoramento
- Informe de modificacións non substanciais de titulacións de grao

- Información de memorias de cursos de posgrao propio
- Aprobación, se procede, dos prezos de estudos propios
- Aprobación, se procede, da creación do Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)
- Transferencia de resultados
- Aprobación, se procede, da proposta de modificación dos límites aplicables aos prezos públicos nos cursos do programa de formación específica e a demanda
- Aprobación, se procede, das tarifas da Plataforma de Enxeñaría da Madeira Estrutural (PEMADE)
- Aprobación, se procede, de tarifas para o curso 2021-2022
- Asuntos económicos
- Información sobre convenios

Acordos do Pleno ordinario do 29 de xullo de 2021

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Aprobación, se procede, das Contas Anuais das sociedades dependentes da USC
- Informe da modificación da RPT de PAS
- Aprobación, se procede, de complementos retributivos autonómicos
- Aprobación, se procede, de sexenios de profesorado contratado
- Informe da nova proposta do Grao en Innovación Gastronómica e Xestión Hoteleira (Dual) para a súa implantación no curso 2022/2023
- Informe de novas propostas de titulacións de máster universitario para a súa implantación no curso 2022/2023
- Informe da nova proposta do Programa de Doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos para a súa implantación no curso 2022/2023
- Informe da modificación substancial do Grao en Enfermaría para a súa implantación no curso 2022/2023
- Aprobación, se procede, de prezos de estudos propios
- Tarifas
- Asuntos Económicos
- Convenios

Acordos do Pleno ordinario do 14 de outubro de 2021

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Informe sobre a modificación da RPT de PDI derivada da planificación complementaria 2021-22
- Aprobación, se procede, de complementos retributivos autonómicos (complemento de excelencia curricular, convocatoria 2020)
- Aprobación, se procede, de sexenios de profesorado contratado (convocatoria 2020)
- Aprobación, se procede, de recursos relativos a sexenios de transferencia de profesorado contratado (convocatoria 2018)
- Aprobación, se procede, da creación do Centro Interuniversitario "Economics and Business Administration for Society" (ECOBAS)
- Aprobación, se procede, de transferencia de resultados
- Informe sobre a modificación da RPT de PAS
- Aprobación, se procede, de tarifas (CIQUS)
- Asuntos Económicos
- Información sobre Convenios

Acordos do Pleno ordinario do 16 de novembro de 2021

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Informe sobre a modificación da RPT de PDI en relación coa asignación a áreas de coñecemento de prazas de profesorado titular e de catedrático/a de universidade (OEP 2021)
- Informe da proposta de novas titulacións de grao e mestrado para a súa implantación no curso 2022-2023
- Informe da modificación da memoria do Grao en Innovación Gastronómica e Xestión Hoteleira (nova denominación: Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras) para a súa implantación no curso 2022-2023
- Informe da proposta de extinción do Programa de Doutoramento en Nanomedicina
- Aprobación, se procede, de transferencia de resultados
- Asuntos Económicos
- Información sobre Convenios

Acordos do Pleno ordinario do 22 de decembro de 2021

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Suxestións para o Plan de Actuacións do Consello Social do ano 2022
- Nomeamento de representante do Consello Social na Comisión Reitora do CRETUS
- Aprobación, se procede, do Regulamento de Xestión Patrimonial
- Informe sobre a modificación da RPT de PAS
- Informe sobre modificacións non substanciais de plans de estudos de grao e máster para a súa implantación no curso 2022-2023
- Aprobación da actualización de tarifas para o ano 2022
- Asuntos Económicos
- Información sobre Convenios

REUNIÓNS E CO

OMPARECENCIAS

REUNIÓN E COMPARECENCIAS

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

Reunión do 14 de xuño de 2021

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 11 de decembro de 2020
- Asuntos para coñecemento:
 - ♦ Normativa publicada.
 - ♦ Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.
- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2021/2022.
- Informe sobre autorización de implantación nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo das ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster universitario e doutoramento, para o curso 2021/2022.
- Informe sobre a creación da Facultade de Turismo da Universidade da Coruña.
- Informe sobre a creación da Escola Politécnica de Enxeñería de Ferrol da Universidade da Coruña.
- Informe sobre a adscrición do Centro Superior de Hostalaría de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela.
- Informe sobre a creación como centro de I+D+i do CINTECX (Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais) da Universidade de Vigo.
- Informe sobre a designación de representante das universidades públicas de Galicia nos seguintes órganos:
 - ♦ Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL)
- Rogos e preguntas

Reunión extraordinaria 7 de decembro de 2021

- Informe sobre o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026

CONSELLO REITOR DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

Reunión do 20 de xullo de 2021

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Convenios con outras institucións
- Asuntos económicos:

- ◆ Contas anuais do exercicio 2020
- ◆ Inventario do inmovilizado a 31.12.2020
- ◆ Proposta de modificación dos orzamentos do exercicio 2021
- ◆ Anteprojecto de orzamentos do exercicio 2022 (PAIF)
- Sistema de Xestión Interno:
 - ◆ a. Informe anual de 2020 de revisión do Sistema de Xestión
 - ◆ b. Resumo do Sistema de Xestión do primeiro semestre de 2021
- Rogos e preguntas

Reunión do 22 de decembro de 2021

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Admisión da Universidade Intercontinental da Empresa (UIE) como novo membro do consorcio e, no seu caso, proposta de modificación dos Estatutos de ACSUG
- Composición dos órganos de goberno, consultivos e de avaliación
- Protocolo de resolución de reclamacións e queixas interpostas ante ACSUG, en cumprimento das directrices de ENQA
- Modificación do Código Ético de ACSUG
- Situación do cadro de persoal
- Convenios con outras institucións
- Planificación de actividades 2022
- Proxecto de orzamentos do exercicio 2022 (PAIF)
- Resumo do Sistema de Xestión do segundo semestre de 2021
- Rogos e preguntas

OUTRAS AC

ACTIVIDADES

OUTRAS ACTIVIDADES

PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES.

Descrición do Programa.

O Consello Social debe impulsar colaboración entre a universidade e a sociedade galega, mediante a satisfacción pola universidade das necesidades do seu ámbito socioeconómico.

Neste sentido, o noso órgano promove a sinatura de convenios de cooperación educativa con empresas e entidades para que o alumnado de graos e mestrados da nosa Universidade poida realizar prácticas nestas últimas.

As prácticas externas xestionadas polo Consello Social son extracurriculares e se realizan polo alumnado con carácter voluntario durante o seu período de formación. Se ben estas prácticas non forman parte do seu plano de estudos, deberán figurar no expediente e no Suplemento Europeo ao Título (SET).

As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica tutelada, para iso o estudiantado contará cunha persoa designada pola entidade colaboradora para exercer a tutela externa e tamén cun titor/a académico/a, profesor ou profesora da universidade.

A relación dos estudantes en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral, senón que ámbolos dous están suxeitos a un convenio de cooperación educativa.

Características das Prácticas

O programa de prácticas está dirixido a todo o estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela, sempre que non teñan o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non teñan realizado o depósito do título da titulación pola que as solicite.

As prácticas adxudícanse en virtude das titulación e localidades; no caso de concorrencia de varias solicitudes, pola nota media. Será obxecto de adxudicación preferente, por unha única vez, aquel alumnado que propicie a celebración dun novo convenio de cooperación educativa cunha determinada empresa ou entidade.

O estudiantado está cuberto polo seguro escolar e para os/as estudantes maiores de vinte e oito anos formalízase obrigatoriamente un seguro de accidentes; ao rematar o período de prácticas, expídese:

- Certificado acreditativo: no que se fai constar que o/a alumno/a realizou prácticas nunha determinada empresa/institución o período de prácticas e número total de horas realizado.
- Certificado de créditos: a equivalencia establécese en 1 ECTS por cada 25 horas de práctica. O período de prácticas terá unha duración mínima de 125 horas (5 ECTS) e máxima de 750 horas (30 ECTS).

Que deben facer as Empresas/Institucións que queiran colaborar co Programa de Prácticas

As entidades que desexen colaborar acollendo nas súas instalacións alumnado en prácticas deberán:

- Formalizar o convenio de colaboración. Este documento non suporá a adquisición de compromisos de carácter contractual ou laboral coa entidade colaboradora asinante. Tampouco obriga as empresas a participar nas convocatorias de prácticas, pero si as habilita para poder facelo.
- Remitir ao Consello Social a/s oferta/s para cada unha das convocatorias públicas nas que desexen participar.
- Designar a un/unha titor/a que se encargue da formación do/a estudante durante a súa estada na entidade.

Unha vez rematadas as prácticas, a entidade colaboradora deberá enviar ao titor/a académico/a un informe final de realización da práctica no que consten: o nome do/a alumno/a, o nome da empresa/institución, as tarefas desenvolvidas, o período das prácticas e o número de horas realizado.

Cando, como e por que o Consello Social inicia este programa

As Prácticas externas extracurriculares comezáronse a ofertar a través do Consello Social en setembro de 2016 por tres motivos fundamentais:

- 1 Pola extinción dos antigos estudos de diplomatura e licenciatura sobre os que versaba o anterior programa de prácticas.
- 2 Pola esixencia de adaptar este tipo de formación práctica aos novos estudos de grao e máster.
- 3 Pola traxectoria e experiencia de anos que ten o Departamento de Prácticas do Consello Social na tramitación deste tipo de actividades, cómpre recordar que o antigo Programa Nacional de Prácticas iniciouse no ano 1995.

No ano 2016 nace pois este Programa de Prácticas Externas Extracurriculares, estreándose timidamente en convivencia aínda co anterior Programa Nacional de Prácticas, mais pouco a pouco vai calando nos novos estudos como unha ponte entre a vida académica e a laboral.

Obxectivo das prácticas extracurriculares

O obxectivo educativo destas prácticas é que o/a estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento, por iso é fundamental a colaboración entre a Universidade e o tecido empresarial.

Vinculación do Consello Social coas prácticas extracurriculares

O Consello Social entre os seus cometidos ten a obriga de levar a cabo un labor de achegamento aos distintos estamentos da sociedade, entre estes cabe destacar a súa función de vincular o mundo profesional co académico. No marco das prácticas se acada esa función de nexo propiciando a sinatura de convenios de cooperación educativa con entidades tanto públicas como privadas, nacionais ou internacionais, sempre e cando teñan sede dentro do territorio nacional.

É fundamental que o alumnado tome contacto coa realidade laboral durante a súa formación académica para poder por en valor os coñecementos teóricos adquiridos nas aulas e así acadar certa destreza práctica así como o coñecemento do engraxe laboral que lle axude á inserción laboral.

Ben é certo que durante a realización da actividade práctica non se permite ningún tipo de vínculo contractual entre o alumnado e a entidade, mais é certo que unha parte deles acadan un contrato laboral ao finalizar a actividade, como así quedou demostrado co anterior programa de prácticas.

Funcionamento do programa

Estas prácticas diríxese ao alumnado da USC que aínda non teña cualificado no seu expediente académico o Traballo de Fin de Grao ou Traballo de Fin de Máster dos estudos de grao ou máster polo que as soliciten.

Contéplanse dúas modalidades de prácticas:

A modalidade ordinaria – As prácticas ofértanse mediante convocatoria pública.

O Consello Social a principios de cada ano fai difusión do Programa de Prácticas entre empresas e entidades para dalo a coñecer. As entidades interesadas na colaboración, asinan o convenio de cooperación educativa para poder participar nas convocatorias públicas que teñen lugar nos meses de febreiro e setembro.

A modalidade preferente – Neste caso o alumnado é o que serve de nexo de unión entre a Universidade e o mundo empresarial xa que eles mesmos propician a sinatura do convenio de cooperación educativa coa empresa ou entidade da súa elección, dese xeito, terán preferencia por unha única vez á realización da actividade nesa empresa ou entidade.

Puntos en común das dúas modalidades:

- A actividade ten que estar relacionada coa titulación do/a alumno/a.
- A duración das prácticas que será: Mínima de 125 horas (5 ECTS) e máxima de 750 horas (30 ECTS) a realizar nun período máximo de 6 meses e cunha xornada máxima de 8 horas diarias e 40 semanais.
- alumnado participante será supervisado durante a actividade por un titor/a externo/a (adxudicado pola entidade, cós coñecementos necesarios para desenvolver unha tutela efectiva) e por un titor/a

académico/a (da titulación do/a alumno/a ou no seu defecto da mesma área de coñecemento do título que estea a cursar).

- A sinatura do convenio de cooperación educativa entre a Universidade e as empresas ou entidades. Este documento non obriga a participar as empresas asinantes mais as habilita para iso, en calquera caso a súa sinatura é preceptiva como marco xurídico no que enmarcar este tipo de actividade académica.

Vantaxes das prácticas extracurriculares fronte as antigas prácticas:

1. Son prácticas dirixidas aos graos e tamén aos másteres que se imparten na USC.
2. Teñen unha maior bolsa de horas que as anteriores prácticas pasando de ser entre 120 -500 horas do antigo programa a 125 -750 horas, polo que o alumnado que o desexe pode ter unha maior formación práctica.
3. Maior equivalencia en créditos, que pasa de ser de 30 horas de traballo 1 crédito de libre configuración a 25 horas de traballo 1 ECTS coas novas prácticas.
4. No novo programa, a diferenza do anterior, tense en conta a posibilidade de que as entidades que o desexen aporten unha axuda ao estudio. Tamén é novidoso o feito de que a entidade ou organismo que financie a contraprestación económica vai asumir a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización que corresponda. Non fai falla apuntar que a axuda ao estudo resulta sempre máis atractiva para o alumnado por pequena que sexa e máis aínda se o tempo en prácticas é válido para a cotización.
5. Maior calidade académica ao contar coa figura preceptiva do titor/a académico/a. A diferenza das anteriores prácticas que só contaban co titor externo da entidade colaboradora, nestas cóntase tamén cun profesor ou profesora da titulación con coñecementos afíns á práctica que se vai realizar. Este titor será o que á vista do informe do titor externo e da memoria do alumno, vai a avaliar as prácticas desenvolvidas.
6. A cualificación destas prácticas figurará no expediente académico do alumnado e como novidade tamén no Suplemento Europeo do Título.

Beneficios para os participantes.

- Toma de contacto co mundo laboral e complemento de coñecementos teóricos.
- Flexibilidade de datas e horario de realización das prácticas, que será acordado entre o alumnado adxudicatario e a empresa ou entidade.
- Atención personalizada e formación práctica por parte de persoal cualificado da empresa ou entidade.
- Fomento da empregabilidade.
- Algunhas empresas ofrecen prácticas remuneradas.

Beneficios para as entidades colaboradoras

- Constitúen un medio idóneo para dispoñer de persoas capacitadas e formadas.

- Posibilidade de identificar perfís profesionais de interese para a empresa de cara a unha futura incorporación laboral.
- Entrada en contacto coa realidade universitaria.
- Reciben un selo de entidade colaboradora coa USC por contribuir a mellorar a formación práctica dos futuros profesionais.
- Non supón un coste para a entidade, xa que as prácticas non teñen consideración de relación laboral e o estudiantado está cuberto polo seguro escolar.

Acreditacións:


Ao rematar o período de prácticas, poderanse expedir as seguintes acreditacións:

- Para o alumnado expedirase de oficio un certificado curricular que acredite ter realizado as prácticas extracurriculares nunha determinada entidade.
- Para as empresas que o soliciten expedirase a oportuna acreditación de ter colaborado acollendo a alumnado en prácticas.
- Para as persoas que exerceran a tutela das prácticas tanto externa como académica tamén se expedirá previa solicitude a oportuna acreditación da tutela realizada.


Balance do Programa de Prácticas Externas Extracurriculares

EVOLUCIÓN PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES CONSELLO SOCIAL				
ANO	ALUMNOS INSCRITOS	OFERTAS	PRÁCTICAS	CRÉDITOS VALIDADOS
2016	42	148	25	121
2017	158	412	131	1475
2018	196	514	157	1405
2019	170	470	147	1461
2020	195	407	103	961
2021	340	408	227	1927
TOTAL	1101	2359	790	7350


Ilustración 1 EVOLUCIÓN POR ANOS DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES.



NÚMERO DE PRÁCTICAS



CONVENIOS ASINADOS POR AÑO



No ano 2021 houbo un incremento substancial tanto no número de alumnado inscrito como no número de prácticas con respecto ao ano 2020, o número de ofertas se mantén porén aumenta considerablemente o número de novas entidades colaboradoras en comparación coas do ano 2020.

Esta lectura evidencia a melloría da crise sanitaria provocada pola Covid-19 mais tamén o atractivo a alza que este tipo de actividades prácticas xera no alumnado universitario.

PREMIO AO/Á ALUMNO/A MELLOR VALORADO/A NAS PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES XESTIONADAS POLO CONSELLO SOCIAL

Neste 2021 tiveron lugar a segunda e terceira edición do premio ao/á alumno/a mellor valorado/a nas prácticas externas extracurriculares xestionadas polo Consello Social, que entrégase dúas veces ao ano, coincidindo coas dúas convocatorias anuais. O premio está dotado con 1.500€ e enmárcase dentro do compromiso do Consello Social coa empregabilidade de alumnado da USC. Así mesmo, ten a finalidade de potenciar as prácticas externas, achegando aos alumnos ao mercado laboral.

O día 30 de abril, a presidenta do Consello Social fixo entrega do diploma acreditativo da segunda edición do premio a Felipe Beiro Moreda, alumno do Dobre Grao en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, que fixo as súas prácticas na empresa Blob Online, S.L., entre o 1 de novembro de 2020 e o 15 de febreiro de 2021.



O alumno de Dereito, Andrés Vázquez García, foi o premiado na terceira edición do premio, entregado pola presidenta do Consello Social o día 5 de novembro, nun acto no que tamén estiveron presentes a titora académica das prácticas, Marta Otero Crespo e a titora externa, coordinadora xeral da Valedora do Pobo, Beatriz González Moreno.



BOLSAS DE COLABORACIÓN ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL PARA O CURSO ACADÉMICO 2021-2022.

Departamento	Nº BOLSAS
Departamento de Anatomía, Produción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias	1
Departamento de Bioloxía Funcional	2
Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular	1
Departamento de Botánica	1
Departamento de Ciencia Política e Socioloxía	1
Departamento de Ciencias da Comunicación	2
Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría	4
Departamento de Ciencias Morfolóxicas	1
Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	3
Departamento de Dereito Común	1
Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado	2
Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa	2
Departamento de Didácticas Aplicadas	2
Departamento de Economía Aplicada	1
Departamento de Economía cuantitativa	1
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade	1
Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola	1
Departamento de Electrónica e Computación	2
Departamento de Enxeñaría Agroforestal	3
Departamento de Enxeñaría Química	1
Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización	3
Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	3
Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana	1
Departamento de Filoloxía Galega	1
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá	1

Departamento	Nº BOLSAS
Departamento de Filosofía e Antropoloxía	2
Departamento de Física Aplicada	2
Departamento de Física de Partículas	3
Departamento de Fisioloxía	1
Departamento de Fundamentos da Análise Económica	1
Departamento de Historia	3
Departamento de Historia da Arte	2
Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral	1
Departamento de Matemática Aplicada	1
Departamento de Matemáticas	1
Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía	2
Departamento de Organización de Empresas e Comercialización	2
Departamento de Patoloxía Animal	2
Departamento de Pedagogía e Didáctica	2
Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	1
Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía	1
Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación	1
Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía	1
Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	3
Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	2
Departamento de Química Física	1
Departamento de Química Inorgánica	1
Departamento de Química Orgánica	1
Departamento de Xeografía	2
Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física	2
Total	83

PROGRAMA DE MICROMECEENACENADO SUMO VALOR.


A Universidade de Santiago de Compostela puxo en marcha un programa de mecenado coa idea de implicar a empresas, persoas e institucións nas actividades, proxectos e servizos cos que a USC demostra a súa permanente apertura á sociedade.

O Consello Social implicouse moi activamente na liña de Sumo Valor adicada a artellar accións que permitan combater e paliar os efectos que a pandemia está producindo na nosa sociedade.

Neste sentido, colaborouse no desenvolvemento dunha estratexia de comunicación para achegar á sociedade as investigacións que se están a desenvolver na USC no eido da Covid-19 e aumentar a recadación, cunha forte presenza nos medios de comunicación e nas redes sociais.

PRESENTACIÓN DA ACTRIZ MARÍA MERA COMO EMBAIXADORA DO PROGRAMA DE MICROMECEENADO DA USC SUMO VALOR (23.4.21)

O día 23 de abril, o Consello Social organizou na sede do noso órgano, unha rolda de prensa de presentación da actriz María Mera, como embaixadora do programa de micromecenado da USC, Sumo Valor, coa idea de achegar este programa de micromecenado ao gran público. O acto contou coa presenza do reitor, Antonio López.



ACTO PARA DAR A COÑECER A EVOLUCIÓN DO PROGRAMA SUMO VALOR A ENTIDADES EMPRESARIAIS E SOCIAIS DE SANTIAGO E LUGO

O Consello Social organizou un acto que tivo lugar o día 15 de setembro para dar a coñecer a evolución do programa de micromecenado Sumo Valor ao tecido empresarial e social de Santiago e Lugo.

No evento participaron o reitor da Universidade de Santiago, Antonio López; a presidenta do Consello Social da USC, Cecilia Sierra; o vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade da USC, Gumersindo Feijoo; a directora adxunta do CIQUS, Dolores Pérez; o investigador do CIMUS Rubén Nogueiras; e a actriz María Mera, embaixadora de Sumo Valor. Contouse ademais coa asistencia de representantes das principais entidades empresariais e sociais de Santiago e Lugo, entre elas a Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, a Cámara de Comercio de Santiago, o Club Finaceiro de Santiago, a Confederación de Empresarios de Lugo, o Ateneo de Santiago, o Aeroclub de Santiago, a S.D. Compostela, Alumni USC, Compostela Solidaria; xunto a profesionais de diferentes sectores económicos.





AXUDAS DO CONSELLO SOCIAL

O día 24 de setembro, a presidenta presentou en rolda de prensa na sede do Consello Social, os proxectos seleccionados de acordo coas bases da Asignación de Axudas en concorrencia competitiva a actividades susceptibles de ser financiadas polo Consello Social durante o ano 2021.



O Comité de Selección nomeado polo pleno elixiu os seguintes proxectos:

- Creación do Seminario Permanente de Transición Enerxética e Competitividade Industrial da Universidade de Santiago de Compostela (SPeRTUS). Luis Miguel Varela Cabo e Josefa Salgado Carballo



- Búsqueda de Biomarcadores para a detección precoz do Cancro Oral na saliva. M^a Mercedes Suárez Cunqueiro e Rafael López López
- Mapas divertidos. Achegando a xeografía. Carlos Ferrás Sexto. Este programa tiña a finalidade de achegar a cartografía e a intelixencia espacial aos centros de ensino galegos.



RECOÑECEMENTO DO CONSELLO SOCIAL Á TRAXECTORIA PROFESIONAL

O día 26 de maio reuniuse o xurado nomeado polo pleno do Consello Social, conforme ao disposto no punto terceiro das bases do Recoñecemento do Consello Social á Traxectoria Profesional.

Os membros do xurado coincidiron no alto nivel e na relevancia das traxectorias profesionais desenvolvidas polos candidatos, que realizaron os seus estudos na nosa Universidade e hoxe son profesionais de referencia en distintos ámbitos.

Tendo en conta o papel do Consello Social como órgano de participación da sociedade galega na universidade e impulsor da colaboración entre ambas, o xurado acordou nesta primeira edición conceder o *Recoñecemento do Consello Social á Traxectoria Profesional* á candidatura conxunta formada polo presidente e ex-presidentes da Xunta de Galicia, no seu caso, a título póstumo.

- Alberto Núñez Feijoo, presidente da Xunta de Galicia
- Emilio Pérez Touriño, ex presidente da Xunta de Galicia
- Manuel Fraga Iribarne, ex presidente da Xunta de Galicia
- Fernando Ignacio González Laxe, ex presidente da Xunta de Galicia
- Xerardo Fernández Albor, ex presidente da Xunta de Galicia
- José Quiroga Suárez, ex presidente da Xunta de Galicia

O xurado salientou respecto de todos eles, antigos alumnos da USC, a súa vocación de servizo público, así como a súa contribución á consolidación dos principios democráticos e desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

Con esta iniciativa, o Consello Social quere poñer en valor a importancia do antigo alumnado, referente en distintos eidos profesionais, que axuden a construír o orgullo de pertenza á nosa universidade.

PREMIO HUMANITAS

O día 17 de decembro a nosa presidenta Cecilia Sierra e o vicepresidente de Alumni, Carlos Herrero, fixeron entrega do Premio Humanitas, dotado con 2000€, á presidenta da Asociación de Familiares e Enfermos de Alzheimer (AFALU), María del Carmen Pena Ledo, como contribución á importante labor que están a desenvolver, nunha rolda de prensa convocada ao efecto.



ASISTENCIA DA PRESIDENTA A DISTINTOS ACTOS

- Presentación do proxecto "GALICIA 2030: PERFÍS PROFESIONAIS DE FUTURO E NOVAS TITULACIÓNS E ESPECIALIDADES UNIVERSITARIAS", (12.01.21)



- Xunta de goberno do ILGA (19.05.21)
- Comisión Reitora CITIUS (21-5-21)
- Reunión Consello Galego de Universidades (14-06-21)
- Comisión Reitora CIMUS-CIQUUS (21-6-21)
- Asamblea General de la Conferencia de Consejos Sociales (30.06.21)
- Acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia (25.07.21)

- Asamblea General de la Conferencia de Consejos Sociales (09.09.21)
- I Foro de Fomento de Consumo de Peixe, Alimentación Saudable e Sostible na Dieta Atlántica, DIETLÁNTICA, (13.09.21)



- Acto de homenaxe, José Eduardo López Pereira, Centro Ramón Piñeiro (19.11.21)



- Presentación Memoria responsabilidas Social UDC (25.11.21)
- Asamblea Conferencia de Consejos Sociales (3.12.21)
- Consello Galego de Universidades (7.12.21)
- Consello Reitor CRETUS (15.12.21)

PRENSA

La USC distingue a un chantadés por sus prácticas en el Valedor do Pobo

► Andrés Vázquez García, estudiante de Derecho, recibió por su labor 1.500 euros de premio



Andrés Vázquez, en la entrega del premio acreditación del Valedor do Pobo. A la izquierda, el director de la USC, Carlos Sierra, y a la derecha, el presidente del Consejo Social de la USC, Ceclia Sierra.

Andrés Vázquez, en la entrega del premio acreditación del Valedor do Pobo. A la izquierda, el director de la USC, Carlos Sierra, y a la derecha, el presidente del Consejo Social de la USC, Ceclia Sierra.

Andrés Vázquez suma esta distinción al premio extraordinario de ESO y al reconocimiento de la Junta de Galicia por su primer año de grado.

Ribeira Sacra

Herido leve tras precipitarse por un terraplén con su tractor en A Pobra do Brollón

PREVENCIÓN BROLLÓN. Un hombre de unos 70 años de edad resultó herido leve tras volcarse ayer por la noche desde un terraplén con su tractor en A Pobra do Brollón, en la comarca de Ourense. El accidente ocurrió a las 23.00 horas de la noche cuando el conductor se precipitó por un terraplén de unos 10 metros de altura. El conductor resultó herido leve y fue trasladado al Hospital Central de Galicia para ser atendido. Los servicios de emergencia llegaron al lugar en un tiempo récord de unos minutos. El conductor fue trasladado al Hospital Central de Galicia para ser atendido. Los servicios de emergencia llegaron al lugar en un tiempo récord de unos minutos.

Galicia



El vicepresidente de Alumni, Carlos Herrero; la presidenta del Consejo Social de la USC, Ceclia Sierra; y el director de Afalu, Carmen Peña.

El Consejo Social de la USC premia el trabajo de la asociación Lucense Afalu

► La entidad ve reconocidos dos décadas de apoyo a los enfermos de alzhéimer y a sus familias

AVANCE SANTIAGO. El Consejo Social de la Universidad de Santiago (USC) y la asociación de antiguos alumnos de la Universidad de Santiago (USC) y la asociación de antiguos alumnos de la Universidad de Santiago (USC) premian el trabajo que Afalu lleva a cabo desde 2002, siendo una de las plataformas pioneras en su ámbito.

La elección para el pasado, presidido por Ceclia Sierra, presidenta del Consejo Social de la USC, quien entregó el premio a Carmen Peña, presidenta de Afalu. El premio consiste en un diploma y una cantidad de 2.000 euros.

Toda la plantilla de Afalu es femenina, con 50 colaboradoras

Además de la labor de trabajo social que desarrolla Afalu, Ceclia Sierra destacó un aspecto importante de la asociación como es el hecho de que toda la plantilla de Afalu es femenina, con 50 colaboradoras.

Los alumnos de portugueses se multiplicaron en Galicia en el último lustro

AGENCIAS SANTIAGO. Cerca de 5.000 personas continúan estudios oficiales de portugués en Galicia, según informó el secretario de Política Lingüística, Valentín García, quien destacó el avance progresivo de esta lengua materna en los centros educativos como en las escuelas oficiales de alumnos que en su mayoría, cuentan con cinco o más hermanos en comparación con el área en el que están en vigor la Ley para la promoción de la lengua portuguesa en Galicia.

Galicia

Los Franco solicitan entrar a Métras para analizar los bienes

La familia Franco presentará un nuevo escrito en el Juzgado de Instrucción número 1 de A Coruña en el que solicita al alcaide del pueblo de Métras que realice un análisis técnico de los bienes muebles pertenecientes a los Franco. El escrito solicita que se realice un inventario de los bienes muebles que se encuentran en el pueblo de Métras.

Galicia

Un consorcio catalán de residuos conoce la planta de Sogama

Una delegación del Consorcio para el Tratamiento de Residuos Urbanos del Mar de Levante, en Mar de Levante, visitó ayer el complejo de Sogama en Galicia. El consorcio catalán de residuos conoce la planta de Sogama en Galicia.

Galicia

Galdis se cuela en las mejores campañas de publicidad del país

Non va poder canviar. La campaña publicitaria de Galdis se cuela en las mejores campañas de publicidad del país.

NO CONGEELES EL MARISCO NOSOTROS CONGELAMOS LOS

CECETÁRELA BURELA

PUERTO DE BURELA

OFERTA desde 27€

982 58 58 03

ENCARGA AHORA Y RECOGELO EL 24 O 31

Miguel Ángel Escotet, rector de la universidad y Abanca

► La primera entidad privada de educación superior de Galicia arrancará el próximo curso en sus campus de A Coruña y Vigo




Miguel Ángel Escotet.

AGENCIAS A CORUÑA. El presidente de Abanca y rector de la Universidad Internacional de Galicia, Miguel Ángel Escotet, ha anunciado hoy que la primera entidad privada de educación superior de Galicia arrancará el próximo curso en sus campus de A Coruña y Vigo.

Escotet, como secretario general, y José Luis Vilanova, como vicepresidente, han presentado hoy a los socios de Abanca y a los socios de la Universidad Internacional de Galicia.

El Congreso decidirá si reabre la comisión del siniestro del Alvia

► Los trabajos quedarán paralizados en 2019 por la distribución de los Cotes, BNC, ERC y Bilidupudun retornarios




Reunión del Congreso para decidir si reabre la comisión del siniestro del Alvia.

AGENCIAS MADRID. El Congreso decidirá hoy si se reabre la comisión de investigación para el siniestro del Alvia que tuvo lugar en Santiago el 24 de julio de 2017 y en el que fallecieron 80 personas y más de 200 resultaron heridos.

El ministro de Justicia, Rafael Ángel Calleja, ha anunciado que el Congreso decidirá hoy si se reabre la comisión de investigación para el siniestro del Alvia que tuvo lugar en Santiago el 24 de julio de 2017 y en el que fallecieron 80 personas y más de 200 resultaron heridos.

El micromecenazgo de la USC ya recaudó 125.000 euros tras 350 donaciones

El micromecenazgo de la USC ya recaudó 125.000 euros tras 350 donaciones.



Cargos de la USC, acompañados de representantes de la Vida Social y económica de Santiago y Lago.

AGENCIAS SANTIAGO. El programa de micromecenazgo de la USC ya ha recaudado 125.000 euros tras 350 donaciones. El programa de micromecenazgo de la USC ya ha recaudado 125.000 euros tras 350 donaciones.

El programa de micromecenazgo de la USC ya ha recaudado 125.000 euros tras 350 donaciones. El programa de micromecenazgo de la USC ya ha recaudado 125.000 euros tras 350 donaciones.

El micromecenazgo de la USC ya recaudó 125.000 euros tras 350 donaciones

El micromecenazgo de la USC ya recaudó 125.000 euros tras 350 donaciones.



Cargos de la USC, acompañados de representantes de la Vida Social y económica de Santiago y Lago.

AGENCIAS SANTIAGO. El programa de micromecenazgo de la USC ya ha recaudado 125.000 euros tras 350 donaciones. El programa de micromecenazgo de la USC ya ha recaudado 125.000 euros tras 350 donaciones.

El programa de micromecenazgo de la USC ya ha recaudado 125.000 euros tras 350 donaciones. El programa de micromecenazgo de la USC ya ha recaudado 125.000 euros tras 350 donaciones.

EXECUCIÓN D
D O C O N S E L

OOORZAMENTO

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

LO SOCIAL

ESTADO DE EXECUCIÓN
Exercicio Orzamentario 2021
CRÉDITO INICIAL: 182.375,00

PARTIDA	2021
GASTOS CORRENTES DO CONSELLO SOCIAL	1.084,67
COMUNICACIÓNS	416,22
ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	435,27
INFORMACIÓN E DIVULGACIÓN	4.273,50
TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	42.050,50
CURSOS E CONFERENCIAS	4.150,00
AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN	1.350,59
OUTRAS INDEMNIZACIÓNS	5.496,27
ACCIONS DE RETENCIÓN DE TALENTO. CONSELLO SOCIAL	4.000,00
CONVOCATORIA DE AXUDAS DO CONSELLO SOCIAL	15.000,00
TRANSFERENCIAS AXUDAS FINANCIADAS POLO CONSELO SOCIAL	50.000,00
TRANSFERENCIAS AXUDAS EXTRAORDINARIAS AO ALUMNADO	6.000,00
TOTAL	134.257,02

M A R C O N O

O R M A T I V O

MARCO NORMATIVO

DO CONSELLO SOCIAL DA USC

Orde do 5 de agosto de 2014 pola que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 159, do 22 de agosto de 2014).

DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140212/AnuncioG0164-040214-0001_es.pdf

Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster da USC.

<http://www.usc.es/gl/normativa/estudantes/index.html>

DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG nº 125, do 3 de xullo de 2013).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20130703/AnuncioC3B0-270613-0001_es.pdf

Resolución do 10 de novembro de 2015 da Secretaría Xeral de Universidades, polo que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29 de outubro de 2015, polo que se aproba o Plan galego de financiación universitaria 2016-2020. (DOG nº 221, do 19 de novembro de 2015).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151119/AnuncioG0164-111115-0001_es.html

Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 234, do 9 de decembro de 2011).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111209/AnuncioC3F1-051211-9522_es.pdf

Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2012).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863_es.pdf

Decreto 103/2012, do 22 de marzo, polo que se regula o procedemento para a designación dos representantes de organizacións sindicais nos consellos sociais da universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº 64, do 2 de abril de 2012).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120402/AnuncioG0164-260312-13993_gl.pdf

NORMATIVA XERAL

Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE nº 397, do 24 de decembro de 2001), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE nº 89, do 13 de abril de 2007).

<http://www.boe.es/boe/dias/2001/12/24/pdfs/A49400-49425.pdf>

<http://www.boe.es/boe/dias/2007/04/13/pdfs/A16241-16260.pdf>

Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable (BOE nº 55, do 5 de marzo de 2011).

<http://www.boe.es/boe/dias/2011/03/05/pdfs/BOE-A-2011-4117.pdf>

Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE nº 131, do 2 de xuño de 2011).

<http://www.boe.es/boe/dias/2011/06/02/pdfs/BOE-A-2011-9617.pdf>

Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE nº 318, do 31 de decembro de 2010)

<http://www.boe.es/boe/dias/2010/12/31/pdfs/BOE-A-2010-20147.pdf>

DE ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS

Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE nº 224, do 18 de setembro de 2003)

<http://www.boe.es/boe/dias/2003/09/18/pdfs/A34355-34356.pdf>

Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento Europeo ó Título (BOE nº 218, do 11 de setembro de 2003).

<http://www.boe.es/boe/dias/2003/09/11/pdfs/A33848-33853.pdf>

Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 260, do 30 de outubro de 2007)

<http://www.boe.es/boe/dias/2007/10/30/pdfs/A44037-44048.pdf>

Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (BOE nº 232, do 25 de setembro de 2008)

<http://www.boe.es/boe/dias/2008/09/25/pdfs/A38854-38857.pdf>

Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE nº 190, do 6 de agosto de 2010)

<http://www.boe.es/boe/dias/2010/08/06/pdfs/BOE-A-2010-12621.pdf>

Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 161, do 3 de xullo de 2010)
<http://www.boe.es/boe/dias/2010/07/03/pdfs/BOE-A-2010-10542.pdf>

Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento (BOE nº 35, do 10 de febreiro de 2011).
<http://www.boe.es/boe/dias/2011/02/10/pdfs/BOE-A-2011-2541.pdf>



CONSELLO SOCIAL